

COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICAS SOCIAIS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de xaneiro de 2025**

Ás 17.16 horas do día 21 de xaneiro de 2025, réunese a Comisión Informativa de Políticas Sociais, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 12 DE DECEMRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 12 de decembro de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Políticas Sociais do día 12 de decembro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO BNG PARA QUE O CAPD DE OURENSE VOLVA Á SENDA DA IGUALDADE CUNHA XESTIÓN PÚBLICA DIRECTA

O debate desta moción ten lugar conxuntamente co da moción do punto terceiro da orde do día.

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

“O 20 de decembro de 2024 o pleno da Deputación de Ourense asumía, por votación a favor de todos os partidos con representación na Deputación de Ourense, PP, PSOE, BNG e DO, a moción remitida polas familias da Plataforma ProCAPD de Ourense, unha unanimidade que se viu concretada nos seguintes acordos: Primeiro. Instar á Consellería de Política Social e Igualdade que o CPAD DE OURENSE SEXA PÚBLICO DE XESTIÓN PÚBLICA E DIRECTA, ao abeiro do acordo asinado en 2016 e en consonancia co desexo expresado pola sociedade ourensá en xeral e polas familias dos usuarios en particular. Segundo. Instar á mesma Consellería que a apertura e posta en funcionamento do novo CAPD DE OURENSE sexa no primeiro trimestre do ano 2025. Terceiro. Instar á Xunta de Galicia a incluír nos orzamentos de 2025 a partida orzamentaria para dotar de persoal funcionario ao CPAD. Estes acordos xa foran asumidos con anterioridade por diversos concellos de Ourense, en plano ou como declaración institucional, tras serlles remitidos aos noventa e dous concellos e á Entidade Menor de Berán a mesma moción escrita polas nais e pais da Plataforma ProCAPD de Ourense no mes de novembro de 2024. Porén, unha semana despois da esixencia institucional que este plano manifestaba á Xunta de Galiza e á Consellería de Política Social para que a veciñanza de todos os concellos da provincia de Ourense estivesen en pé de igualdade co resto de provincias galegas era desoída e desbotada, xa que o Consello da Xunta de Galiza de data 27/12/2024 tomaba o seguinte acordo: “Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de contratación, suxeito á regulación harmonizada, do servizo de xestión integral do Centro de atención a persoas con discapacidade de Ourense, titularidade da Xunta de Galicia. Contrato reservado ás entidades de iniciativa social. Tramitación anticipada do gasto. Importe do orzamento: oito millóns setenta e cinco mil douscentos sesenta e dous euros con corenta e catro céntimos (8.075.262,44 €). Valor estimado total: trece millóns novecentos cincuenta e seis mil seiscentos tres euros con doce céntimos (13.956.603,12 €)”. Botando ao lixo o acordo adoptado pola representación política ourensá. Este acordo da Xunta de Galiza deixa á veciñanza da provincia de Ourense na cola de Galiza, sendo Ourense a única provincial que careza dun centro público de xestión pública directa, tal como demandan as mesmas familias que impulsaron a construción deste centro e que xa en 2020 xustificaron e evidenciaron con informes da propia Xunta de Galiza, do Consello de Contas da Xunta de Galiza, ante o pleno da Deputación de Ourense a razón pola que só a xestión pública directa garante a cobertura real das necesidades dos seus fillos e fillas. Un feito que poucos meses despois, no máis duro da pandemia, viuse reflectido polos fatídicos acontecementos nos que só as residencias públicas de xestión directa foron as únicas con capacidade de soportar a acometida da covid-19. Desde o grupo provincial do

BNG consideramos necesario aclarar se o acordo adoptado unanimesmente polo pleno da Deputación Provincial de Ourense o 20 de decembro de 2024 segue vixente, na defensa de usuarias e usuarios, familias e, en xeral, da cidadanía ourensá. E se este pleno continúa afirmando a súa “coherencia” para que quede claro que pon á provincia e á veciñanza da nosa provincia, sobre todo ás persoas vulnerables, por diante de calquera ideoloxía política. Acordos: 1º.- O Pleno da Deputación de Ourense rexeita o acordo da Xunta de Galiza de outorgarlle a unha “entidade de iniciativa social” a xestión do CAPD de Ourense, por contravir o desexo manifestado expresamente polas familias, por contravir os acordos asinados por todos os partidos políticos en 2026, por contravir o xa manifestado por varios concellos de Ourense e por ir en contra da consideración unánime do Pleno da Deputación de Ourense en xaneiro de 2020 e decembro de 2024. 2º.- Esixir unha xuntanza, no prazo de tempo máis breve posible, da conselleira de Política Social da Xunta de Galiza cunha delegación dos grupos políticos presentes na Deputación de Ourense, na medida que representantes máis directos da veciñanza de Ourense, representantes da Plataforma ProCAPD de Ourense, unha delegación do goberno provincial e o presidente da Deputación de Ourense”.

Patricia Torres (PP) comeza manifestando a sorpresa súa e do seu grupo cando coñeceron estas iniciativas políticas, xa que no pleno anterior hubo unha moción conxunta de tódolos grupos políticos provinciais e agora non se contou nin co PP nin con DO. O posicionamento do grupo provincial do PP pedindo unha xestión directa do CPAD quedou moi claro nese acordo, polo que non entenden que agora se trate de politizar este asunto tan sensible.

María Mangana (BNG) sinala que hai certos actos que fan dubidar da postura grupo popular, xa que o goberno da Xunta, do mesmo partido político, deixou moi claro que a xestión non vai a ser directa. Sinala que o grupo provincial do PP debe insistir ao goberno de Santiago na importancia da xestión directa nos termos acordados por todos no pleno do mes de decembro, e que así Terán ao grupo do BNG ao seu carón.

Álvaro Vila (PSOE) indica que hai cinco anos, cando o pleno provincial adoptou o seu primeiro acordo sobre a futura xestión do CPAD, o grupo do PP xa amosara dúbidas no relativo á forma de xestión deste servizo. Sorpréndelle que nada máis anunciarse pola Conselleira a xestión do Centro por unha entidade social, o Presidente desta Deputación declarase públicamente que comprendía a decisión da Xunta, polo que lle pide que lidere e pida unha reunión para que a Deputación poidas reafirmase e solicitar a xestión directa do Centro.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, insiste en que o posicionamento do seu grupo foi moi claro no anterior pleno, e que parece moi contradictorio que concellos gobernados polo PSOE ou o BNG presten servizos sociais como o SAF mediante xestión indirecta cunha empresa, e na Deputación se esixa xestión directa na prestación de servizos sociais moi similares. Na súa opinión trátase claramente de estratexia política destes dous partidos, que onde gobernan fan unha cousa e na oposición piden a contraria. Remata indicando que o seu grupo se reafirma no acordado no pleno do mes de decembro.

A **Presidencia** intervén para matizar que existen dúas variables que non se explicaron correctamente. En primeiro lugar, que non se vai tratar dunha prestación indirecta a través

dunha empresa, como deixou entrever o BNG, senón a través dunha entidade social prestadora de servizos sociais, e en segundo lugar que non se trata dunha novidade da xestión deste tipo de centros, xa que o CPAD de Ferrol se xestiona do mesmo xeito. Indica que o goberno provincial xa amosou claramente a súa postura, pero que non lle pode esixir á Administración competente para prestar o servizo en que forma debe ser prestado. Insiste na contradición do PSOE e do BNG que prestan o servizo do SAF en moitos concellos de xeito indirecto, e pola contra o concello de Pereiro de Aguiar, no que goberna el como alcalde, presta os servizos na modalidade de xestión directa. Remata indicando que o presidente da Deputación vai recibir ás familias afectadas insistindo no seu apoio e na súa postura.

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, matiza que o servizo social do SAF que se presta no domicilio dos afectados non se pode comparar con un servizo tan sensible como o do CAPD.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, insiste en que o presidente da Deputación xustificou a postura da Consellería e insiste en que debe promover unha reunión coa Xunta para insistir no posicionamento desta Deputación manifestado no acordo do pleno de decembro.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (4) e do BNG (2) e a abstención do Grupo Popular (6) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Deputación de Ourense rexeita o acordo da Xunta de Galiza de outorgarlle a unha "entidade de iniciativa social" a xestión do CAPD de Ourense, por contravir o desexo manifestado expresamente polas familias, por contravir os acordos asinados por todos os partidos políticos en 2026, por contravir o xa manifestado por varios concellos de Ourense e por ir en contra da consideración unánime do Pleno da Deputación de Ourense en xaneiro de 2020 e decembro de 2024.

2º.- Esixir unha xuntanza, no prazo de tempo máis breve posible, da conselleira de Política Social da Xunta de Galiza cunha delegación dos grupos políticos presentes na Deputación de Ourense, na medida que representantes máis directos da veciñanza de Ourense, representantes da Plataforma ProCAPD de Ourense, unha delegación do goberno provincial e o presidente da Deputación de Ourense.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA RATIFICAR A XESTIÓN PÚBLICA E DIRECTA DO CPAD DE OURENSE

O debate desta moción tivo lugar conxuntamente co da moción do punto anterior da orde do día.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

“Tras ser interpelados unha vez máis pola Plataforma Pro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (ProCAPD) de Ourense, o pasado 5 de decembro de 2024 absolutamente todos os grupos políticos con representación na Deputación de Ourense, tanto de goberno coma de oposición, rexistraron unha moción conxunta de “Apoio á xestión pública e directa do CAPD de Ourense”. Partido Popular (PP), Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE), Bloque Nacionalista Galego (BNG) e Democracia Ourenzana DO) facíanse eco da “reivindicación e nais e pais de nenos e nenas con discapacidade da provincia de Ourense que, desde setembro do ano 2016, veñen demandando un Centro Público de Xestión Pública e Directa como solución máis axeitada para o futuro d@s seus/súas fill@s, e despois de continuos retrasos e promesas incumpridas”. O texto da Moción era claro nas súas demandas, con vistas a acelerar a posta en marcha do devandito Centro, chamado a cumprir cuns obrigados requisitos de calidade e de natureza e xestión públicas. O documento recollía pasaxes onde se fincaba como “ao longo destes anos a Deputación (...) apoiou tanto a súa posta en marcha como a súa xestión pública e directa”, “é de xustiza que o centro construído con fondos públicos (...) deba ser xestionado de forma directa pola Xunta de Galicia, como xa fai cos centros das outras provincias” ou “é de xustiza que (o Centro) sexa público de xestión pública e directa porque é o único que garante a igualdade real efectiva, tanto para usuari@s (...) como para traballador@s”. Tales asertos abocaban no primeiro dos puntos de acordo da Moción, que instaba á Consellería de Política Social e Igualdade “a que declare público de xestión pública e directa o CAPD de Ourense”. A iniciativa conxunta a prol dun CAPD de xestión pública e directa foi debatida no Pleno da Deputación do 20 de decembro de 2024. Eva Gutiérrez, membro da Plataforma ProCAPD, expuxo a loita do colectivo desde o ano 2016 e a urxencia de que Ourense deixe de ser unha excepción en Galicia e conte cun Centro capaz de aportar un servizo de calidade e de xestión totalmente pública. Gutiérrez xa alertou na súa diatriba sobre a ameaza de que a Xunta de Galicia “de un paso atrás” e opte pola privatización das prestacións deixando en mans dun intermediario a explotación do futuro CAPD. Sen diferenzas entre grupos, a Moción foi aprobada de xeito unánime, co voto favorable de todos os partidos. Nas súas conclusións, o presidente Luís Menor facía fincapé no apoio do PP a un CAPD de xestión pública directa “por coherencia co que ocorre cos centros de iguais características no resto de Galicia”. Despois de meses sen responder ás preguntas sobre o futuro do Centro ourensán realizadas polos grupos de oposición no Parlamento de Galicia e os familiares, a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, nunha entrevista a un medio de comunicación o 26 de decembro de 2024, anticipou a aprobación cunha licitación da xestión do CAPD de Ourense. Ao día seguinte, 27 de decembro, o Consello da Xunta de Galicia acordaba a tramitación do expediente de gasto para a contratación do servizo de xestión integral do CAPD de Ourense por un valor estimado total de case 14 millóns de euros. Sancionábase así que o Centro da nosa provincia sería o único de Galicia que non funcione con persoal directamente dependente da administración pública. A reacción do presidente da Deputación e do PP ourensán, Luís Menor, non se fixo agardar, manifestando comprensión e aquiescencia coa decisión da Xunta, malia ser contraria ao sentido da Moción aprobada en Pleno e socavar a pretendida “coherencia” do seu partido, que supedita novamente os intereses da provincia aos de partido. A decisión de externalizar a xestión contrasta co que insistentemente reclama a Plataforma ProCAPD, a sociedade e o groso de partidos da provincia de Ourense. No ano 2016, na véspera das eleccións autonómicas, todas as formacións políticas firmaron un compromiso para a construción do Centro e a súa

futura xestión pública directa. En Ourense xa existen residencias xestionadas por asociacións e/ou fundacións sen ánimo de lucro. O que falta e exige a cidadanía é un CAPD de xestión pública directa como o que xa teñen A Coruña, Pontevedra e Lugo, e que nalgúns destes casos levan xa décadas funcionando. O agravio comparativo coa nosa provincia é flagrante, ao igual que o ataque contra o principio de igualdade das nosas veciñas e veciños. A reacción foi inmediata, apelando a Plataforma ProCAPD a novas mobilizacións para o cumprimento dos compromisos adquiridos. Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO: PRIMEIRA.- Esixir á Deputación de Ourense a cumprir cos compromisos adquiridos e ratificar a xestión pública e directa do CAPD de Ourense, tal e como foi subscrito pola unanimidade dos grupos políticos con representación na Corporación Provincial na Moción conxunta “Para o apoio á xestión pública e directa do CAPD de Ourense” aprobada no Pleno do 20 de decembro de 2024. SEGUNDA.- Esixir á Deputación de Ourense a activa defensa dos intereses da provincia e da súa veciñanza para que adopte as medidas de presión oportunas diante da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia con vistas a desbotar a apertura dun proceso de licitación da xestión do CAPD de Ourense e retomar o compromiso a prol da súa xestión pública e directa. TERCEIRA.- Esixir á Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia a celebración, á maior brevidade posible, dun encontro entre a conselleira e membros da Plataforma ProCAPD, representantes dos grupos políticos con representación na Deputación de Ourense e o presidente da Corporación Provincial”.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (6) e do BNG (2) e a abstención do Grupo Popular (6) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Esixirlle á Deputación de Ourense a cumprir cos compromisos adquiridos e ratificar a xestión pública e directa do CAPD de Ourense, tal e como foi subscrito pola unanimidade dos grupos políticos con representación na Corporación Provincial na moción conxunta “Para o apoio á xestión pública e directa do CAPD de Ourense”, aprobada no Pleno do 20 de decembro de 2024.

SEGUNDO.- Esixirlle á Deputación de Ourense a activa defensa dos intereses da provincia e da súa veciñanza para que adopte as medidas de presión oportunas diante da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia con vistas a desbotar a apertura dun proceso de licitación da xestión do CAPD de Ourense e retomar o compromiso a prol da súa xestión pública e directa.

TERCEIRO.- Esixirlle á Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia a celebración, á maior brevidade posible, dun encontro entre a conselleira e membros da Plataforma ProCAPD, representantes dos grupos políticos con representación na Deputación de Ourense e o presidente da Corporación Provincial.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, comeza facendo unha reflexión sobre o debate anterior relativo á xestión do CPAD e a importancia que nunha provincia como a nosa ten a prestación dos servizos sociais, insistindo en que a postura da Xunta neste asunto debe mudar. A continuación pregunta pola presentación que ven de facer o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, do Plan Termal da nosa provincia, no que inclúe unha proposta de creación dun gran hotel balneario, preguntando se existe algunha previsión para a súa futura localización.

O presidente contesta que o Plan presentado contén unas liñas estratéxicas, e delas decidiranse as actuacións, entre as que está a do referido balneario, pero aínda sen localización prevista. O que queda claro é o compromiso da Xunta para apoiar economicamente estes investimentos termais na nosa provincia.

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, roga que se retome a creación da mesa polo desenvolvemento económico da provincia que foi acordada polo pleno.

A **Presidencia** toma nota dos rogos formulados.

E, ás 17.50 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.